

## Ramon Solsona

### A tentación da carne

No colexio dos hermanos íxéronme saber de corrido os afluentes pola dereita e pola esquerda dos ríos de España, os verbos latinos depoñentes, os doce fillos de Xacob, o poema "Con diez cañones por banda..." Non lembro nada de todo iso, pero non esquecerei nunca os inimigos do home.

O hermano Bartolomé preparábanos para facer a primeira comunión meténdonos o catecismo na cachola a golpes de mallo memorístico. Repetíamos e repetíamos preceptos abstrusos e palabras incomprendibles que o hermano Bartolomé non se preocupaba de traducir á linguaxe infantil. A súa única obsesión era afastarnos dos inimigos do home, a saber: mundo, demonio y carne.

"De los tres, la carne es el peor de todos", repetía cunha voz truculenta que daba medo. Tanto, que eu non daba preguntado nada. Quería saber por que a carne era pecado e non o era o peixe ou o chocolate. Na casa, miraba para a carne e para o polo asados que facía a nai e non sabía ver perigo ningún para a miña alma. Mais eu cría as palabras do hermano Bartolomé e dábame arrepío que meus pais, que eran uns católicos moi estritos, non tiveran ningún escrúpulo en inducirme a min e aos meus irmáns a metermos o inimigo na boca.

Un día pregunteille ao confesor que era o pecado da carne. Saíume de xeito espontáneo e con moita naturalidade, porque me parecía que o confesor do colexio era a persoa idónea para explicarme. Pero foi un erro de cálculo. Non contaba que a resposta ía ser case violenta en forma de sermón sobre os sufrimentos de Deus polos nosos pecados mortais e os retorcións da alma nas chamas eternas do inferno. E insistiu en que non cedese á curiosidade, porque a curiosidade leva aos malos pensamentos e os malos pensamentos fan caer na tentación da carne. Eu esta parte si que a entendía, porque a min a carne tentábame.

Fronte a un arroz con coello, por exemplo, os malos pensamentos dicíanme: "Cómelle unha perna, cómella!". Pero eu resistía con heroísmo e, aínda que meus pais me esixisen con berros e losqueadas que comese todo, eu afastaba os anacos de coello e rezaba mentalmente nosopais e avemarías para non caer na tentación. Teño que confesar que soportaba os castigos e os lapotes coa ledicia interior do martirio e cheguei a me convencer que ía facer carreira de santo.

Con todo e con iso a miña santidade era intermitente, porque malia as ameazas do confesor cedín á curiosidade e pescudei pola vía extrarelixiosa. Tentei a sorte cuns mangallóns, alumnos daqueles que na clase non saben nada, pero que na rúa son unha enciclopedia da vida. Pregunteilles sen reviravoltas, como se fose una conversa entre iguais, que cousa era a tentación da carne. Non esperaba que me pedisen un contrasinal de acceso ao coñecemento. Preguntáronme: "Sabes que quere dicir foder?" Desconcertado, imitando que eu era dos seus, díxenlles: "Si pero agora non me lembro". Escacharon coa risa e eu fiqui sen resposta e con outro interrogante para resolver.

Cometín a inxenuidade de preguntarllo á nai: "Que quere dicir foder?" A resposta foi dobre, de palabra e de obra. Mentres me daba unha labazada na meixela, volvíame a deixar pampo con outra pregunta: "Iso te aprenden no colexio?"

A miña enleada mental era maiúscula. Volvíame tolo buscando a relación entre os pratos de carne e unha cousa á que chamaban foder e que ninguén me quería dicir que era.

Achegábase o día da primeira comunión. Sen abandonar a música do catecismo recitado ao pé da letra, o hermano Bartolomé empezou a instruírnos nos detalles técnicos do ritual. Houbo un que eu relacionei axiña coa tentación da carne. Tratábase de non tocar a hostia cos dentes, porque a carne do Noso Señor tiñas que tragala enteira, sen mastigala. Eu púxeno en práctica decontado. Pensaba que o misteriosísimo misterio da carne era o da hostia consagrada: a carne era Deus e tiñas que engulila toda dun golpe coma se comungases.

Así que na casa volví comer carne e meus pais deixaron de castigarme, Pero non esquecían reprenderme. "Mastiga ben", dicíanme. Eu facía ver que mastigaba e tragaba os cachos enteiros co convencemento que seguía ao detalle as instrucións do hermano Bartolomé. Até que un día púxenme vermello coma un tomate. Tiña unha pelota de carne na gorxa que non subía nin baixaba. Afogábame, faltábame o aire e, mentres eu pedía auxilio con acenos de desesperación, meus pais e meus irmáns reaccionaban con desacougo e dábanme ordes contraditorias: "Anda! Chouta! Senta! Bebe auga! Vomita! Respira fondo!".

Lembro aquel episodio de maneira confusa, quitado da convicción que morría. Dou por boa a secuencia dos feitos que se perpetúa na memoria familiar, segundo a cal meu pai deume un golpe tan forte nas costas que me fixo cuspir a pelota de carne até a outra beira da mesa. Tamén din que eu choraba con desconsolo porque tocara a carne cos dentes.

Logo de liberarme do nó case mortal, meus pais leváronme a casa do doutor Gelpí para que me dese unha ollada. Alí empecei a ver a luz. Aquel señor venerábel con bata branca que miraba por riba dos lentes visitoume e, despois de facerme algunhas preguntas, descubriu o irracional desvarío en que se convertera o meu adoutramento relixioso. Colleume a soas e aclaroume que a tentación da carne non tiña nada que ver co polo nin coa tenreira, senón cos bicos que se facían os homes e as mulleres. Eu aproveitei aquela oportunidade inesperada para soltar con ansiedade a pregunta que me queimaba por dentro: "E que quere dicir foder?". Prometeu que mo ía explicar cando tivera feito a primeira comunión, pero non me levaron nunca mais a casa do doutor Gelpí e tiveron que esperar que a vida me aprendese aquilo que o colexio me negaba.

Cando fun maior dabondo para sacarme de riba o abafado dos hermanos, foi como cuspir todos os medos que me afogaban o xuízo e unha vez liberado, convertín a tentación da carne nun deporte. E non só no sentido sexual. Vingueime daquela época de privacións absurdas comendo grandes cantidades de carne, pouco feita, case crúa, vermella coma unha herexía sanguinaria.

Pero as reviravoltas da vida son imprevisíbeis e sempre hai un hermano Bartolomé de garda para amolarche a festa. Refírome á miña muller, que é unha vexetariana militante. Para ela a carne tamén é o peor dos inimigos do home e pretende adoutrinarme lembrando a cada paso a maldade das toxinas, a extrema fragilidade do aparello dixestivo, o lixo químico que come o gando, a harmonía ecolóxica entre as persoas e a natureza...

Para que non haxa porfías, prefiro me abster de comer carne diante dela. Se nunha cea de amigos un pide unha perna de aña ao forno e outro un pato con peras, eu sinto a chamada da carne como a sentía canda neno: "Cómelle unha perna, cómella!". Non o fago, pero resistir non ten ningún mérito. A mirada inquisitiva da miña muller, chea de toxinas e pesticidas, sácame as ganas de comer.

Agora, con todo, non vivo a tentación da carne co desacougo dos anos infantís. Pola contra, estou afeito á dobre vida de carnívoro vexetal clandestino. Na casa vou recto coma unha candeia vexetal, pero sempre que podoo doume como agasallo un filete de catro dedos de grosor. É unha gloria celestial que o hermano Bartolomé non tiña previsto. Seguramente é o segredo da miña felicidade

Traducido do catalán por Lluïsa Soaz.

### La temptació de la carn

Al col·legi dels hermanos em van fer aprendre de memòria els afluents per la dreta i per l'esquerra dels rius d'Espanya, els verbs llatins deponents, els dotze fills de Jacob, el poema "Con diez cañones por banda"... No recordo res de tot això, però no oblidaré mai els enemics del home.

L'hermano Bartolomé ens preparava per a la primera comunió ficant-nos el catecisme a dins de la closca a cops de martell memorístic. Repetíem i repetíem preceptes abstrusos i paraules

incomprensibles que l'hermano Bartolomé no es preocupava de traduir al llenguatge infantil. La seva única obsessió era apartar-nos dels enemics del hombre, a saber: mundo, demonio y carne.

"De los tres, la carne es el peor de todos", repetia amb una veu truculenta que feia por. Tanta, que jo no gosava preguntar res. Volia saber per què la carn era pecat i no el peix o la xocolata. A casa, mirava el tall rodó i el pollastre rostit que feia la mare i no sabia veure-hi cap perill per a la meva ànima. Però jo em creia les paraules de l'hermano Bartolomé i m'horriritzava que els meus pares, que eren uns catòlics molt estrictes, no tinguessin cap escrúpol a induir-me a mi i els meus germans a ficar-nos l'enemic a la boca.

Un dia vaig preguntar al confessor què era el pecat de la carn. Em va sortir espontàniament i amb molta naturalitat, perquè em semblava que el confessor del col·legi era la persona idònia per explicar-m'ho. Però va ser un error de càlcul. No comptava que la resposta seria gairebé violenta en forma de sermó sobre els patiments de Déu pels nostres pecats mortals i els recargolaments de l'ànima en les flames eternes de l'infern. I va insistir que no cedís a la curiositat, perquè la curiositat porta als mals pensaments i els mals pensaments fan caure en la temptació de la carn. Jo aquesta part sí que l'entenia, perquè a mi la carn em temptava.

Davant d'un arròs de conill, per exemple, els mals pensaments em deien: "Menja't una cuixa, menja-te-la!" Però jo resistia amb heroisme i, encara que els meus pares m'exigissin amb crits i plantofades que m'ho acabés tot, jo apartava els trossos de conill i resava mentalment parenostres i avemaries per no caure en la temptació. He de confessar que suportava els càstigs i els clatellots amb l'alegria interior del martiri i em vaig arribar a convèncer que faria carrera de sant.

La meva santedat, però, era intermitent, perquè, tot i les amenaces del confessor, em vaig deixar dur per la curiositat i vaig indagar per la via extrareligiosa. Vaig provar sort amb uns alumnes ganàpies, d'aquells que a classe no saben res, però que al carrer són una enciclopèdia de la vida. Els vaig preguntar sense embuts, com si fos una conversa entre iguals, què era la temptació de la carn. No m'esperava que em demanessin una contrasenya d'accés al coneixement. Em van preguntar: "Saps què vol dir follar?". Desconcertat, fent veure que jo era dels seus, vaig dir: "Sí, però ara no me'n recordo." Van esclatar a riure i jo em vaig quedar sense resposta i amb un altre interrogant per resoldre.

Vaig cometre la ingenuïtat de preguntar-ho a la meva mare: "Què vol dir follar?" La resposta va ser doble, de paraula i d'obra. Mentre em ventava una bufetada a la galta, em tornava a deixar a l'escapça amb una altra pregunta: "Això t'ensenyen al col·legi?"

El meu embolic mental era majúscul. Em tornava boig buscant la relació entre els plats de carn i una cosa que es deia follar i que ningú em volia dir què era.

El dia de la primera comunió s'acostava. Sense abandonar la cantarella del catecisme recitat al peu de la lletra, l'hermano Bartolomé va començar a instruir-nos en els detalls tècnics del ritual. N'hi va haver un que jo vaig relacionar de seguida amb la temptació de la carn. Es tractava de no tocar l'hòstia amb les dents, perquè la carn de Nostre Senyor te l'havies d'empassar sencera, sense mastegar-la. Ho vaig posar en pràctica de seguida. Pensava que el misteriosíssim misteri de la carn era el de l'hòstia consagrada: la carn era Déu i te l'havies d'empassar d'una tirada, com si combreguessis.

Així doncs, a casa vaig tornar a menjar carn i els pares van deixar de castigar-me. Però no s'estaven de reptar-me. "Mastega bé", em deien. Jo feia veure que mastegava i m'espavava els trossos sencers, amb el convenciment que seguia fil per randa les instruccions de l'hermano Bartolomé. Fins que un dia em vaig posar vermell com un tomàquet. Tenia una pilota de carn a la gola que no pujava ni baixava. M'ennuegava, em faltava l'aire i, mentre jo demanava auxili amb gestos de desesperació, els meus pares i els meus germans reaccionaven amb esverament i em donaven ordres contradictòries: "Camina!" "Salta!" "Seu!" "Beu aigua!" "Vomita!" "Respira fondo!".

Jo recordo l'episodi d'una manera confusa, excepte la convicció que em moria. Dono per bona

la seqüència dels fets que es perpetuaen la memòria familiar, segons la qual el meu pare em va donar un cop tan fort a l'esquena que em va fer escopir el tap de carn fins a l'altra banda de la taula. També diuen que jo plorava amb desconsol perquè havia tocat la carn amb els dents.

Un cop deslliurat del nus gairebé mortal, els pares em van portar a casa del doctor Gelpí perquè em donés un cop d'ull. Allà vaig començar a veure la llum. Aquell senyor venerable de bata blanca que mirava per damunt de les ulleres em va visitar i, quan em va haver fet unes quantes preguntes, va descobrir l'irracional desvari en què s'havia convertit el meu adoctrinament religiós. Em va agafar a soles i em va aclarir que la temptació de la carn no tenia res a veure amb el pollastre ni amb la vedella, sinó amb els petons que es feien els homes i les dones. Jo vaig aprofitar aquella oportunitat inesperada per engegar amb ànsia la pregunta que em cremava per dins: "I què vol dir follar?". Va prometre que m'ho explicaria quan hagués fet la primera comunió, però no em van portar mai més a casa del doctor Gelpí i vaig haver d'esperar que la vida m'ensenyés allò que el col·legi em negava.

Quan vaig ser prou gran per treure'm del damunt l'asfíxia dels hermanos, va ser com escopir totes les pors que m'ennuegaven l'enteniment i, un cop alliberat, vaig convertir la temptació de la carn en un esport. I no solament en el sentit sexual. Em vaig venjar d'aquella època de privacions absurdes menjant grans quantitats de carn, poc feta, gairebé crua, vermella com una heretgia sanguinària.

Però els capgirells de la vida són imprevisibles i sempre hi ha un hermano Bartolomé de guàrdia per amargar-te la festa. Em refereixo a la meua dona, que és un vegetariana militant. Per a ella la carn també és el pitjor dels enemics de l'home i pretén adoctrinar-me recordant a cada pas la maldat de les toxines, l'extrema fragilitat de l'aparell digestiu, les porqueries químiques que donen al bestiar, l'harmonia ecològica entre les persones i la natura...

Per no tenir raons, m'abstinc de menjar carn davant d'ella. Si en un sopar d'amics un demana una cuixa de be al forn i un altre un ànec amb peres, jo sento la crida de la carn com la sentia de petit: "Menja't una cuixa, menja-te-la!". No ho faig, però resistir no té cap mèrit. La mirada inquisitiva de la meua dona, plena de toxines i pesticides, me'n treu les ganes.

Ara, però, no visc la temptació de la carn amb l'angoixa dels anys infantils. Al contrari, m'he acostumat a la doble vida de carnívor clandestí. A casa passo per l'adreçador vegetarià, però sempre que puc em regalo un filet de quatre dits de gruix. És una glòria celestial que l'hermano Bartolomé no havia previst. Segurament és el secret de la meua felicitat.